



PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE PRIMARIAS

Exposición de motivos

A Marea Viva finalizada en xuño de 2022 deu como resultado a aprobación, entre outros documentos estratéxicos, do Regulamento de Primarias para a confección da candidatura coa que a Marea Atlántica concorrerá ás eleccións municipais de 2023.

Unha vez iniciado o proceso de Primarias e a aplicación práctica do Regulamento, a Coordinadora detectou a necesidade de establecer modificacións que, sen desvirtuar o espírito da norma, faciliten o desenvolvemento do proceso de Primarias.

As propostas de modificación son:

1. **Habilitar o voto en urna.** O traballo de exploración e valoración de distintas ferramentas de voto telemático non permitiu a elección de unha que cumprise os requirimentos técnicos e económicos necesarios, polo que a Coordinadora propón habilitar o voto en urna. A utilización deste sistema de voto cumpre os principios establecidos no Regulamento no seu artigo 1, en particular o de garantir a integridade do sistema electoral.
2. **Habilitar a posibilidade de emitir o voto en cremalleira por tramos, cunha proporción de mulleres ata o máximo legal.** O Regulamento permite, e mesmo promove, a presentación de candidaturas cunha representación feminina superior ao 50%, puidendo acadar o máximo legal de 3 mulleres en cada tramo de 5 postos. Tamén o permite para o resultado xeral da votación. Mais establece que no momento concreto da emisión do voto, este teña que ser en cremalleira ao 50%. Esta limitación obedece unicamente á dificultade de atopar unha plataforma dixital capaz de discernir os votos válidos segundo este criterio de paridade nun sistema de listas abertas. O obstáculo xa non opera do mesmo xeito se se opta polo voto en urna. Por iso, a Coordinadora propón, tal e como aconteceu en 2019 no momento de elaborar as listas, permitir a emisión do voto en cremalleira por tramos, con maior proporción de mulleres, e manter así a aposta da Marea Atlántica pola feminización da política.

3. **Ampliar o proceso de primarias en 14 días.** O cambio no sistema de votación, que pasa de ser telemática a en urna, permítenos cumprir con todos os requisitos de transparencia e seguridade, pero require a mobilización de recursos e a planificación dos novos traballos. En consecuencia resulta aconsellable ampliar o proceso en 14 días e axustar o calendario, manténdose o obxectivo previsto de finalizar as Primarias no outono.

Por todo o exposto, propónse á Rede a aprobación das seguintes modificacións do Regulamento de Primarias de 2022:

1. Habilitar o voto en urna.

Proposta de redacción definitiva dos artigos 5, 21, 23 e 29:

- Art 5. Votantes

(...)

5.2 Durante o proceso de votación, poderase requirir un compromiso de veracidade que garanta o exposto no punto 5.1 . ~~Eliminar: A este efecto o grupo de Ferramentas da Marea Atlántica, someterá a referendo da Rede un protocolo de Garantías sobre o uso do voto telemático.~~

- Art 21. Tipo de votación

21.2 As candidaturas aparecerán na pantalla ~~Eliminar e substituir por: papeleta~~ ordenadas de esquerda a dereita en orde aleatoria ou sorteada polo Órgano de Arbitraxe Electoral.

- Art 23. Xornadas electorais

Art 23.1 Habilitaranse un ou máis espazos a efectos de colexio electoral, segundo decida o Órgano de Arbitraxe Electoral, nos que se votará ~~a través dun ordenador. Eliminar e substituir por: "en urna."~~ Nos devanditos colexios estarán persoas ~~do Grupo de Ferramentas~~ ~~Eliminar e substituir por: "da Coordinadora"~~ para facilitar a votación e do Órgano de Arbitraxe Electoral, coa posibilidade de que as suplentes de dito órgano poidan exercer ese día, para garantir a limpeza do proceso.

(...)

Art 23.4 ~~Eliminar: Ademais das ferramentas de seguridade que oferta a ferramenta telemática,~~ O Órgano de Arbitraxe velará pola seguridade do proceso.

Art 23.5 O escrutinio será realizado ~~pola propia ferramenta telemática~~ ~~Eliminar e substituir por: " polo Órgano de Arbitraxe, que poderá solicitar o apoio da Coordinadora"~~ e publicado para a súa impugnación, se procede, en todas as ferramentas comunicativas da Marea Atlántica.

- Art 29. Competencias do Órgano de Arbitraxe Electoral

h) Designar e formar as persoas que actuarán como interventoras e asistentes durante o proceso de votación *Eliminar: telemática asistida*, quedando excluídas do papel de asistente as persoas que formen parte dalgunha candidatura.

2. Habilitar a posibilidade de emitir o voto en cremalleira por tramos, cunha maior proporción de mulleres ata o máximo legal.

Proposta de redacción definitiva dos artigos 14 e 20:

- Art 14. Características das candidaturas. Formación das listas.

(...)

14.5 Para a selección dos seguintes postos da lista, cada elector ou electora de Marea Atlántica deberá votar por 9 persoas ordenadas do 1 ao 9, respectando en todo caso a ~~paridade de xénero ao 50% e en cremalleira~~. *Eliminar e substituír por: "paridade de xénero en cremalleira ao 50% como mínimo ou en cremalleira por tramos (3 mulleres en cada tramo de 5 postos) como máximo"*.

- Art 20. Paridade nas votacións

20.1 Os votos emitidos deberán así mesmo ser paritarios ~~e en cremalleira (50%)~~. *Eliminar e substituír por: "en cremalleira ao 50% como mínimo ou en cremalleira por tramos (3 mulleres en cada tramo de 5 postos) como máximo"*.

(...)

3. Ampliar o prazo de formalización de candidaturas en 14 días.

Proposta de redacción definitiva do artigo 3:

- Art 3. Calendario

(...)

Xoves ~~6 de outubro~~ 20 de outubro de 2022 — Fin do prazo para a presentación de candidaturas en listas abertas

Domingo ~~9 de outubro~~ 23 de outubro de 2022 — Publicación provisional das candidaturas en listas abertas

Martes ~~11 de outubro~~ 25 de outubro de 2022 — Subsanación de erros

Venres ~~14 de outubro~~ 28 de outubro de 2022 — Proclamación definitiva de candidaturas

Sábado ~~15 de outubro~~ 29 de outubro de 2022 — Inicio campaña electoral

Venres ~~21 de outubro~~ 4 de novembro de 2022 — Fin da campaña electoral

Sábado ~~22 de outubro~~ 5 de novembro de 2022 — Inicio votacións

Luns ~~24 de outubro~~ 7 de novembro de 2022 — Fin das votacións

Martes ~~25 de outubro~~ 8 de novembro de 2022 — Proclamación provisional de resultados

Mércores ~~26 de outubro~~ 9 de novembro de 2022 — Periodo de reclamacións

Xoves ~~27 de outubro~~ 10 de novembro de 2022 — Rede de proclamación definitiva das 10 primeiras persoas da lista ás Eleccións Municipais.